
Héctor Cajaraville Araújo, *Os xogos de palabras na prensa gratuíta en galego: De Luns a Venres*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2015, 216 páxinas.

Data de recepción: 01/09/2017 | Data de aceptación: 18/09/2017

Os xogos de palabras na prensa gratuíta en galego: De Luns a Venres é o segundo traballo publicado na colección *Limiar*, unha iniciativa do Instituto da Lingua Galega que naceu coa finalidade de achegar un espazo para a publicación monografías centradas na lingüística e na filoloxía galega en soporte dixital. Como se indica no propio título, trátase dun traballo que analiza o uso dos xogos de palabras nos titulares da prensa gratuíta en galego, para o que examina o único xornal gratuíta en galego existente no momento da súa elaboración: *De Luns a Venres*.

Na parte introdutoria, o autor explícanos que a prensa gratuíta implicou un cambio na linguaxe xornalística, caracterizada tradicionalmente polo uso dun rexistro plano e unha serie de clixés recorrentes. Indícasenos que o perfil do público lector dos xornais de balde fai que sexan un bo espazo para o uso dunha linguaxe máis creativa e coloquial, o que permite a aparición dos xogos de palabras, moi limitados na prensa tradicional. Tamén se describe nesta parte o corpus empregado: 518 titulares publicados polo xornal *De Luns a Venres* desde o 22 de decembro de 2006 até o 21 de decembro de 2009, o que supuxo a análise dun total de 673 xornais. Faise referencia, ademais, ao deseño da base de datos empregada para sistematizar a información recollida nestes xornais, que conta cos seguintes campos para cada un dos 518 rexistros: número de identificación, data, titular, subtítulo, corpo, recurso, subrecurso, ámbito de procedencia, enunciado de partida e comentarios.

Xa no primeiro capítulo, “Conceptos previos”, o autor realiza unha reflexión teórica e fixa a definición dunha serie de conceptos que van ser empregados ao longo do traballo. O primeiro concepto ao que se achega o autor é o central do traballo, o de xogo de palabras, para o que se achegan catro características definitorias: 1) é unha técnica literaria que busca ter un efecto sobre as persoas destinatarias, 2) aplícase partindo do significativo, 3) existe unha vontade de manipulación, que suspende a lectura automática, e 4) permite unha interpretación múltiple. Neste punto o autor fai referencia ao paradoxo que supón que, a pesar de os xogos de palabras implicaren un uso elevado do idioma, fosen desatendidos pola lingüística. Para explicar esta circunstancia faise referencia a varios prexuízos teóricos (son unha ferramenta ao

alcance de todas as persoas falantes, non existe un proceso lineal para a súa creación e é moi difícil establecer clasificacións) e tamén ao feito da súa intraducibilidade. Con todo, o autor lémbra-nos que, aínda que é certo que en numerosas ocasións os xogos de palabras non poden ser trasladados dunha lingua a outra, existen mecanismos universais para a súa creación, que poden permitir asentarse unha base teórica común. O segundo dos conceptos que se define neste primeiro capítulo é o de titular de prensa. Así, o autor indícanos que se trata do primeiro nivel da información e que ten unha dobre función: resumir o contido do corpo e chamar a atención das persoas lectoras, de aí que ocupe un lugar preeminente nos xornais. Tamén se chama a atención sobre a dependencia que as características dos titulares teñen do xénero xornalístico. Finalmente, péchase este primeiro capítulo cunha reflexión sobre a fraseoloxía e a manipulación, xustificada pola importante presenza que a fraseoloxía ten no corpus analizado. Sinálase que a fraseoloxía é a disciplina da lingüística que estuda combinacións fixas de palabras ou fraseoloxismos, caracterizados por estaren lexicalizados e pola súa idiomática (isto é, o seu significado non é resultado da suma dos significados dos seus constituíntes). Como se explica ao analizar o corpus, a manipulación voluntaria dos fraseoloxismos, mediante diferentes recursos, pode dar lugar a un xogo de palabras e provocar a desautomatización da lectura.

O segundo capítulo, “A prensa gratuíta: *De Luns a Venres*”, supón unha descrición do primeiro xornal de balde en galego. Detállanse, en primeiro lugar, a súa estrutura formal e o tipo de contidos (dimensións e seccións). A seguir, o autor analiza a súa proposta informativa e conclúe que é un xornal que inclúe elementos da prensa tradicional mesturados con elementos propios da prensa de balde, o que deixa espazo para o uso de xogos de palabras nos titulares. Tamén se realiza neste capítulo unha análise do perfil das persoas xornalistas que traballaron neste xornal no período estudado. Indícase que durante ese período traballaron no xornal 10 persoas, de diferentes sexos, idades, zonas de procedencia e ámbitos (rural ou urbano).

O terceiro capítulo, “Categorización”, divídese en dúas partes que describen as categorías de xogos de palabras establecidas e analizadas no traballo, mais tamén aquelas que ficaron fóra desta análise. O alto número de titulares e o feito de que en moitos casos pode detectarse máis dun xogo de palabras nun mesmo titular non impediron que o autor fose quen de realizar unha clasificación, o que lle permitiu seleccionar aqueles con máis interese para a súa análise e desbotar outros. Así, son seis as categorías detectadas que o autor incluíu no traballo: recontextualización (asociación dunha expresión fixada a un contexto diferente ao contexto de orixe), diloxía (uso dunha palabra ou expresión en que están presentes un significado literal e outro figurado), ruptura (realización dun cambio nunha expresión fixada), proximidade fónica, derivación morfolóxica e un último grupo en que se xuntan as categorías menos significativas baixo a etiqueta “outros” (uso de termos doutras

linguas, emprego de niveis de uso da lingua inesperados ou violación das restricións combinatorias). Xa se nos adianta neste punto que a categoría máis frecuente nos 518 titulares analizados é a diloxía, seguida da ruptura, da recontextualización e, máis de lonxe, da proximidade fónica, da derivación morfolóxica e do grupo “outros”. O autor indícanos que, coa finalidade de centrar o traballo naqueles casos en que se produce unha “manipulación creativa do idioma” (p. 46) deixou fóra unha serie de xogos de palabras en que a presenza deste elemento non estaba tan clara: xogos que implican só coñecemento compartido entre as persoas emisoras e as receptoras, expresións fixadas asentadas na lingua, titulares en que só se detecta expresividade ou énfase, repeticións simples, comparacións, metáforas ou metonimias e xogos de palabras xa existentes. Así as cousas, este capítulo completa as cuestións metodolóxicas descritas na parte introdutoria, xa que achega criterios que se empregaron para a delimitación do corpus, que deu como resultado os 518 titulares citados (aínda que o número inicial de titulares chegou case até os 1000).

No cuarto capítulo, “Clasificación dos titulares por anos e seccións”, o autor ofrécenos unha vista panorámica do peso dos titulares analizados nos tres anos que se tiveron en conta, mais tamén nas diferentes seccións do xornal. No primeiro caso, conséntase a consolidación do uso de xogos de palabras nos titulares, xa que no primeiro ano son 118, ascenden a 187 no segundo e a 213 no terceiro. Canto ás seccións, o 32,4% dos titulares proceden da sección “Un respiro”, case o 25% da sección “Galicia”, un 12% da sección “Deportes” un 11,8% da sección “Flash”, un 6% da sección “Contraportada” e un 5,2% da sección “Cultura galega”. Os xogos de palabras están presentes até en 8 seccións máis, mais os titulares procedentes destas seccións teñen xa un peso inferior ao 5% no corpus. Máis da metade dos titulares proceden das dúas primeiras seccións, un feito que o autor xustifica por ser a sección “Un respiro” unha sección con contidos máis distendidos que admiten máis licenzas deste tipo, mentres que na sección “Galicia”, ademais de ser a máis ampla do xornal, é frecuente o uso dun formato a medio camiño entre a noticia e a reportaxe, que tamén se presta aos titulares creativos.

O capítulo 5, “Clasificación dos titulares por recursos”, supón a cerna do traballo. Neste capítulo realízase unha análise minuciosa dos titulares que compoñen o corpus, seguindo a categorización establecida no capítulo 3. Esta análise inclúe unha ampla exemplificación de todas as categorías e subcategorías estudadas, así coma unha detallada explicación do(s) xogo(s) de palabra(s) presentes en cada exemplo. Ademais, despois de analizar cada unha das seis categorías, achégase unha táboa cos datos de todos os titulares incluídos nela.

No tocante á recontextualización (asociación dunha expresión fixada a unha situación distinta á de orixe), distínguense dous tipos: a recontextualización simple

(con referencias maioritariamente procedentes do contexto anglosaxón e do español) e a recontextualización asociada a outros recursos (á ruptura e á diloxía). Faise referencia tamén aos ámbitos de procedencia dos enunciados recontextualizados, en que destacan o cine, a literatura, a música, televisión ou a publicidade. Explicase que, nalgúns titulares, pode darse unha recontextualización dentro dun mesmo ámbito (por exemplo, unha expresión fixada procedente do cine pode recontextualizarse nunha noticia sobre cine en que o contexto sexa diferente ao de orixe). Finalmente, achéganse algúns exemplos de xogos de palabras baseados na recontextualización que foron usados de novo para outros titulares. Indícase que é difícil establecer as razóns que levan a volver usar un xogo de palabras, mais apúntase que poderían ter que ver coa popularidade da expresión de que se parte, coas súas posibilidades creativas ou mesmo coa teima dos xornalistas.

Os titulares categorizados dentro da diloxía son o segundo grupo analizado. Trátase, como xa se indicou, de titulares en que se emprega unha palabra ou expresión en que conflúen un significado literal e outro figurado. Neste caso tamén se distinguen dous grandes grupos: a diloxía sobre unha expresión pluriverbal e a diloxía sobre unha expresión monoverbal. No primeiro caso, indícase que entran en xogo o significado lexicalizado da expresión canda a suma de significados dos seus constituíntes; mentres que no segundo a presenza dun segundo significado está relacionada con outros factores (elementos léxicos que coaparecen, estrutura do titular, uso de marcas tipográficas etc.). Nos dous casos, o autor indícanos que o punto de recuperación da diloxía pode estar no propio titular, mais tamén no subtítulo, no corpo ou nunha imaxe. Realízase, para os dous tipos de diloxía, unha análise detallada dos recursos empregados para a actualización do segundo sentido (por exemplo, empregar unha expresión fixa para titular unha información relacionada co sentido literal dalgún dos seus compoñentes, no caso das expresións pluriverbais; ou repetir un termo polisémico ou empregar dous termos homónimos, no das monoverbais). O autor tamén inclúe nesta categoría o que denomina “figuras encadeadas”, para as que establece tres subtipos: 1) o uso de comparacións, metáforas ou metonimias a máis dun nivel dentro dun mesmo ámbito; 2) titulares en que o dobre sentido dun dos elementos encadeados está establecido previamente, mais o outro non; e 3) titulares en que ningún dos dobres sentidos que se encadean están fixados. Na parte final faise referencia de novo á reutilización dos xogos de palabras desta categoría, e indícase que os que máis se volven usar neste caso son os relacionados co campo semántico da altura, ou os procedentes dos ámbitos do cine ou da música, entre outros.

A terceira das categorías que se analizan é a ruptura, isto é, a realización dun cambio nunha expresión fixada cunha vontade clara de manipular a linguaxe. Indícasenos que este recurso aparece combinado en numerosas ocasións coa recontextualización

e, nalgúns casos, coa diloxía. Detállanse, con exemplos, até 10 mecanismos de ruptura: 1) a substitución dalgún dos elementos da expresión fixada (mecanismo que se divide en 8 submecanismos distintos); 2) acurtamento, especialmente no caso de expresións moi asentadas na lingua, o que implica a busca da complicidade do público lector (a supresión pódese dar no final, no inicio ou no interior); 3) extensión da expresión fixada, que se clasifica segundo o lugar en que se dá (no inicio, no final ou no interior) e segundo o modo sintáctico (a expresión fixada pode subordinarse, ser a expresión de partida á que se lle engaden complementos ou ser a expresión de partida á que se lle engaden elementos coordinados); 4) cambio de polaridade, xeralmente da afirmación á negación; 5) cambio de modalidade, sempre da enunciativa á interrogativa; 6) cambio na orde dos constituíntes; 7) cambio de relación sintáctica; 8) cambios no tempo, no modo ou na persoa verbal; 9) cambio no xénero e/ou no número; e 10) cambios na sufixación apreciativa. Ademais, faise referencia tamén a titulares en que coinciden varios dos mecanismos anteriores. Finalmente, o autor indícanos que a reutilización dos xogos de palabras desta categoría é escasa.

Na parte final do capítulo analízanse as categorías con menos peso no corpus, como é o caso da derivación morfolóxica ou dos recursos fónicos. Neste último caso, o autor destaca a paronomasia (similitude na pronuncia de dous termos, explícitos ou non) e a aliteración (sons que se repiten de maneira recorrente). O último punto do capítulo está dedicado aos mecanismos incluídos dentro do grupo “outros” que son, como xa se indicou, a violación das normas de restrición combinatoria, o uso dun rexistro de lingua inesperado e o uso de estranxeirismos. Dentro da epígrafe dedicada aos estranxeirismos inclúese unha subepígrafe en que se realizan reflexións sobre un tema que sobrevoa o traballo desde o comezo: as interferencias desde o castelán. A partir dos exemplos que se van citando e explicando ao longo do traballo xérase a impresión de que boa parte dos xogos de palabras teñen a súa orixe na cultura e/ou na lingua española. Neste punto o autor confirma esa impresión e sinálanos que, nos xogos en que se empregan expresións fixadas, os casos de orixe foránea evidente son máis numerosos ca os casos de expresións claramente galegas. Indícasenos tamén que, no caso concreto da recontextualización, as referencias procedentes da cultura española teñen moito máis peso (e mesmo se chega a manter o castelán nalgúns casos), mentres que as procedentes da cultura galega son moitas menos e proceden especialmente da sección “Cultura galega”.

Finalmente, no capítulo 6, “Conclusións”, o autor realiza unha recapitulación dos principais puntos do traballo e conclúe que os xogos de palabras contribúen a deter a lectura automática (e, por tanto, a chamar a atención do público lector), mais tamén a implicar activamente as persoas lectoras, así como que son un recurso presente no galego coma en calquera outra lingua.

En conclusión, *Os xogos de palabras na prensa gratuíta en galego: De Luns a Venres* é un traballo de investigación que se enfrenta a un ámbito complexo, no que os límites dos conceptos con que se traballa non sempre están claros. Con todo, o autor realiza unha boa estruturación dos datos do corpus estudado, a través da base de datos deseñada para o traballo, e é quen de desenvolver unha metodoloxía que permite realizar unha clasificación dos xogos de palabras simple e exhaustiva ao mesmo tempo. A numeración de todos os exemplos ao seren citados e a inclusión de táboas cos exemplos pertencentes a cada categoría permiten non só a comprobación dos resultados expostos, senón tamén a reutilización do corpus en futuras investigacións. Neste sentido, cómpre aplaudir o feito de a obra estar distribuída baixo unha licenza que, aínda que non é libre¹, si permite máis liberdades ca o *copyright* convencional, algo de grande importancia para que a investigación poida avanzar. Cómpre destacar tamén que se trata dun estudo cun considerábel grao de minuciosidade na análise, o que revela o importante traballo realizado polo seu autor. Para alén disto, é un traballo que se enfrenta a un campo de estudo pouco explorado no caso do galego, e que demostra que o galego vai á par doutras linguas na incorporación aos novos modelos da linguaxe xornalística. Con todo, tamén deixa en evidencia a situación diglósica que vive o país, xa que aínda que o que se analiza é un xornal integramente en galego, a lingua e a cultura hexemónicas están omnipresentes nos exemplos estudados, como o propio autor indica. Podería dicirse que unha parte relevante dos xogos de palabras analizados están creados en castelán e introducidos nos titulares con palabras galegas. Isto supón un sinal de alerta moi importante sobre a situación do idioma, precisamente por seren os xogos de palabras elementos moi vinculados á creatividade propia de cada lingua e, en moitas ocasións, dificilmente traducíbeis.

Luz Varela Armas

1 O traballo emprega unha licenza Creative Commons Recoñecemento-NonComercial-CompartirIgual 3.0, mais para que unha licenza se considere libre debe permitir o uso da obra e das obras derivadas para calquera fin, mesmo comercial, como indica a propia organización Creative Commons: <https://creativecommons.org/share-your-work/public-domain/freeworks/>.